

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

14283 *Real decreto 1173/2015, do 29 de decembro, de desenvolvemento do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca no relativo ás axudas á paralización definitiva e temporal da actividade pesqueira.*

I

A política pesqueira común ten como un dos seus obxectivos esenciais potenciar unha frota profesional, economicamente rendible e que garanta unha explotación sustentable dos recursos biolóxicos mariños, de maneira que permita un aproveitamento óptimo sen pór en risco o equilibrio biolóxico das poboacións explotadas e a integridade do medio físico. Neste sentido, o Regulamento (UE) n.º 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, sobre política pesqueira común, establece o novo marco de xestión da capacidade da frota ao cal se deberán adaptar as axudas que se poidan outorgar para a paralización temporal e definitiva da actividade pesqueira.

Como un dos piares da nova política pesqueira, no Regulamento (UE) n.º 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), establécense as medidas financeiras da Unión para a aplicación da política pesqueira común, das medidas relativas ao dereito do mar, do desenvolvemento sustentable das zonas pesqueiras e acuícolas e da pesca interior, así como da política marítima integrada e, concretamente, nos seus artigos 33 e 34 establece as axudas á paralización, definitiva e temporal, da actividade pesqueira.

A promulgación deste regulamento derroga a regulación anterior para estas mesmas actuacións e, en concreto, o Regulamento (CE) n.º 1198/2006 do Consello, relativo ao Fondo Europeo da Pesca. Consecuentemente, a lexislación nacional de desenvolvemento do Fondo Europeo da Pesca contida no Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, sobre ordenación do sector pesqueiro e adaptación ao Fondo Europeo de Pesca, que incluía a regulación aplicable ás axudas á paralización, temporal e definitiva, da actividade pesqueira, quedará sen efectos a partir do 31 de decembro de 2015, data en que, así mesmo, quedará totalmente sen efectos o Regulamento (UE) n.º 1198/2006, tal como se establece no artigo 129.2 do Regulamento (UE) n.º 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014.

Co fin de adaptar a regulación nacional aos citados regulamentos, faise necesario establecer un novo marco normativo en materia de xestión das axudas á paralización da actividade pesqueira mediante o presente real decreto, que desenvolve o Regulamento (UE) n.º 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, e adaptación ás circunstancias concretas da frota española tendo en consideración, especialmente, a distribución competencial existente en España en materia de pesca marítima e ordenación do sector pesqueiro.

Así, a Sentenza do Tribunal Constitucional 166/2013, do 7 de outubro, destaca que «por pesca marítima hai que entender a regulación da actividade extractiva. De maneira máis detallada, a pesca marítima inclúe a normativa referente aos recursos e zonas onde se pode pescar (fondos, caladoiros, distancias, cotas), aos períodos en que se pode pescar (vedas, horas) e á forma e medios de realización da actividade extractiva no mar (artes, medios de pesca). Do mesmo modo, como presuposto da sinalada actividade extractiva, a pesca marítima inclúe tamén o réxime de protección, conservación e mellora dos recursos pesqueiros». Polo tanto, é competente o Estado para regular a materia que nos ocupa.

Tras a entrada en vigor do presente real decreto, o réxime de ordenación do sector pesqueiro e adaptación ao Fondo Europeo da Pesca quedará integrado, no referente a normas xerais, construción da frota, modernizacións a bordo dos buques pesqueiros e selectividade, e Censo da frota pesqueira operativa, polos capítulos I a III e IX do Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, e, en canto a axuste dos esforzos pesqueiros, pesca costeira artesanal, proxectos piloto, accións colectivas e medidas socioeconómicas, polo establecido no presente real decreto, que substitúe o establecido nos capítulos IV a VIII do citado Real decreto 1549/2009.

II

As axudas á paralización definitiva da actividade pesqueira teñen como finalidade, única e exclusiva, facilitar o axuste da capacidade de pesca da frota ás súas posibilidades reais, co obxectivo de lograr un equilibrio estable e duradeiro entre ambos, tal como establece o Regulamento (UE) n.º 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013. A situación de equilibrio entre a capacidade e as posibilidades de pesca débese avaliar anualmente baixo o principio dun enfoque común en toda a Unión; o dito enfoque garánteo a Comisión mediante o establecemento dunhas orientacións comúns que inclúen parámetros técnicos, sociais, económicos e biolóxicos.

Esta avaliación materialízase mediante o informe anual sobre equilibrio da frota que se debe remitir á Comisión coa análise da situación da frota nacional e a identificación dos segmentos con exceso de capacidade estrutural. O elemento principal do enfoque común está constituído pola asignación da frota a suprarrexións de pesca; en relación coa frota española, esta débese localizar en tres suprarrexións: Atlántico Norte, Mediterráneo e Outras Rexións. En cada unha destas rexións, a frota clasifícase segundo a arte de pesca utilizada habitualmente e a eslora do buque. Se a avaliación realizada demostra que a capacidade pesqueira e as posibilidades de pesca non manteñen un equilibrio efectivo, débese elaborar un plan de acción nacional, único para a frota con exceso de capacidade, en que se establezan os obxectivos de axuste, os medios para lograr o equilibrio e os prazos precisos para a aplicación do plan.

O Regulamento (UE) n.º 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, establece no seu artigo 34 que se poderán dar axudas a medidas destinadas á paralización definitiva da actividade pesqueira, sempre e cando estean previstas como un instrumento do referido plan de acción para aqueles segmentos de frota que non estean equilibrados de maneira efectiva coas posibilidades de pesca do dito segmento.

Neste ámbito regulatorio, a paralización definitiva e as axudas pertinentes céntranse na modalidade de pesca do buque e na súa eslora para cada unha das tres suprarrexións. Débese, polo tanto, garantir que ao finalizar o plan de acción cada segmento de frota identificado recupérase a súa situación de equilibrio.

O enfoque non permite desagregar os segmentos de frota en unidades xeográficas inferiores, xa que isto carece de significado para alcanzar os obxectivos de equilibrio perseguidos por este enfoque común. Isto implica que a xestión destas paralizacións definitivas e das axudas que se poidan outorgar para o dito fin se deben xestionar cun enfoque igualmente global. Neste sentido, o enfoque previsto pola Unión Europea impide territorializar as axudas de forma efectiva, ao carecer o porto base do buque de relevancia para alcanzar os fins perseguidos. Igualmente, en aplicación do principio de boa xestión financeira, as axudas débense dar unicamente ao número de barcos necesario para alcanzar o equilibrio; non é aceptable investir os fondos do FEMP sen que se poida garantir que se paralizou definitivamente o número mínimo de barcos que aseguren o equilibrio pero, igualmente, non é posible admitir que se outorguen axudas para paralizar un maior número que o necesario.

Atendendo a estes principios, a Conferencia Sectorial de Pesca do 4 de decembro de 2014 adoptou o acordo de establecer un modelo de xestión das axudas único para todo o Estado, cuxa xestión recaeu na Secretaría Xeral de Pesca do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente. Os buques obxecto de paralización definitiva consensuaranse coas comunidades autónomas afectadas en cada convocatoria de axudas que se publique.

Non obstante, exceptúanse da xestión centralizada as frotas que pesquen exclusivamente en augas interiores e as dedicadas ao marisqueo desde embarcación, cuxas axudas á paralización definitiva serán xestionadas polas comunidades autónomas. Igualmente, exceptúase a frota radicada en portos base da Comunidade Autónoma do País Vasco que, polo seu propio sistema de financiamento, non pode percibir financiamento adicional do Estado para esta frota, e, con carácter de excepción, establécese un sistema de acordo previo, mediante informe vinculante do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, que asegura que as axudas xestionadas polas comunidades autónomas contribúen á consecución dos obxectivos do plan nacional.

Débase garantir que estas axudas se destinan aos propietarios e aos pescadores daqueles buques activos que exercen unha actividade pesqueira como mínimo 90 días ao ano no mar, durante os dous anos anteriores á solicitude da axuda.

Establécese, igualmente, o requisito de idade mínima do buque, de dez anos, para se poder beneficiar da axuda por paralización definitiva, co fin de evitar o abandono da actividade dos buques máis modernos da frota, o que comportaría un envellecemento desta, con consecuencias sobre a seguridade e ineficiencia das unidades que permanezan que se deben evitar.

Cómpre regular as condicións xerais da axuda que garantan que os barcos se retiraron definitivamente da actividade e asegurar que a axuda recibida non se emprega para a construción de novos buques.

Por outra parte, de acordo cos principios de economía, eficiencia e eficacia na xestión financeira, regúlanse as posibilidades de pesca daqueles buques que accedan ás axudas á paralización definitiva da actividade de pesca e que teñan recoñecida a capacidade de transferir definitivamente as ditas posibilidades de pesca. No caso de que lles sexa concedida a axuda por paralización definitiva, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, a través da Secretaría Xeral de Pesca, distribuirá, conforme os artigos 27 e 29 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, a totalidade das súas posibilidades de pesca. Os buques sinistrados só recibirán axudas se o sinistro se produce despois da notificación da concesión da axuda e o buque está destinado ao desmantelamento.

A paralización definitiva materializarase mediante o desmantelamento do buque e, excepcionalmente, mediante o seu acondicionamento para actividade distinta da pesca comercial ou, no caso de buques tradicionais de madeira, para a súa instalación en terra como ben patrimonial.

O real decreto regula os gastos que se poderán considerar subvencionables, así como os baremos aplicables e o método de cálculo da axuda. O importe da axuda destinada aos titulares da propiedade estará constituído pola aplicación do baremo calculado para a paralización máis os custos reais incorridos no desmantelamento, se for o caso. Deste importe descontaranse, rateándoas, as axudas percibidas en determinados supostos con anterioridade polo buque, así como o importe recibido do aseguramento do buque, en caso de sinistro. A base de cálculo dos baremos e coeficientes correctores obtense das estatísticas pesqueiras oficiais do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

O importe da axuda destinada a pescadores consistirá nunha compensación cuxa contía se determinará conforme o disposto en cada orde reguladora das axudas.

Por último, regúlase o procedemento para a tramitación das solicitudes xestionadas pola Administración xeral do Estado e a participación das comunidades autónomas no proceso de selección dos buques que vaian ser beneficiarios da axuda.

III

Por outro lado, as axudas á paralización temporal da actividade pesqueira enmárcanse dentro das medidas de fomento da competitividade e da viabilidade das empresas do sector da pesca recollidas no mencionado Regulamento do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca. A inclusión destas axudas no ámbito da competitividade e viabilidade das empresas do sector pesqueiro supón un cambio substancial en canto ao concepto que destas axudas tiveron os anteriores regulamentos de axudas ao sector pesqueiro, tanto o Fondo Europeo

de Pesca como o Instrumento Financeiro de Orientación da Pesca. A partir da entrada en vigor do marco regulado no Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, deixan de ser unha medida directa de apoio á xestión do esforzo pesqueiro ou da capacidade de pesca para se converteren en actuacións destinadas a garantir a viabilidade do sector cando as empresas pesqueiras deban acometer a paralización temporal da súa actividade pesqueira.

Os supostos en que se poderán dar axudas vinculadas á paralización temporal da actividade pesqueira redúcense de forma significativa e só se poderán outorgar estas axudas cando se apliquen medidas de emerxencia por iniciativa da Comisión ou de España, en aplicación dos artigos 12 e 13, respectivamente, do Regulamento (UE) n.º 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013; medidas de conservación previstas no artigo 7 do dito regulamento, incluídos os períodos de descanso biolóxico; cando estea previsto nun plan de xestión adoptado conforme o Regulamento (CE) n.º 1967/2006, relativo ás medidas de xestión para a explotación sustentable dos recursos pesqueiros no mar Mediterráneo, ou nun plan plurianual adoptado conforme os artigos 9 e 10 do Regulamento (UE) n.º 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, e, finalmente, no caso de que non se renove un acordo de colaboración de pesca sustentable ou non se renoven os seus protocolos.

O concepto destas axudas fai necesario un modelo de xestión diferente do previsto para as axudas á paralización definitiva da actividade pesqueira; o dito modelo adoptouse mediante acordo da Conferencia Sectorial do 4 de decembro de 2014. A xestión das axudas recaerá na Secretaría Xeral de Pesca cando estean orixinadas pola non renovación dun acordo de colaboración de pesca cun terceiro país ou dos seus protocolos, ou cando sexan adoptadas medidas de emerxencia pola Comisión ou de ámbito nacional, sempre que afecten máis dunha comunidade autónoma. No resto dos supostos, a xestión competirá ás comunidades autónomas en cuxos portos radiquen os buques afectados pola paralización temporal, aínda que se prevé que a Secretaría Xeral de Pesca poida xestionar aquelas outras axudas que, de forma puntual, se acorden na Conferencia Sectorial.

O outro elemento básico deste modelo de xestión acordado na citada conferencia sectorial refírese ao principio de non discriminación, en canto aos baremos de axuda aplicables e á duración desta, entre os buques de distintos portos afectados por unha mesma parada temporal. Co dito fin, a Conferencia Sectorial acordará, anualmente, as paradas que vaian ser obxecto de axuda, oídos os grupos de traballo por caladoiros que están constituídos na Secretaría Xeral de Pesca.

O financiamento destas paradas será por conta do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente. Anualmente, a Conferencia Sectorial acordará a distribución dos fondos entre as comunidades autónomas en función das paradas temporais que, previamente, se acordase subvencionar.

Exceptúanse do modelo anterior as axudas destinadas ás frota que traballen exclusivamente en augas interiores ou as que exerzan, exclusivamente, a actividade de marisqueo desde embarcación, que serán xestionadas e financiadas polas comunidades autónomas, así como as axudas destinadas a buques con porto base na Comunidade Autónoma do País Vasco, que serán xestionadas e financiadas pola dita administración.

As axudas estarán destinadas tanto aos armadores dos buques de pesca afectados pola parada como aos pescadores enrolados neses barcos. O importe da axuda aos primeiros calcularase con base nun baremo establecido en función de tramos de arqueo bruto (GT) multiplicado polo número de arqueo bruto (GT) do buque obxecto da axuda e polo número de días da parada, mentres que o importe para o caso de pescadores se obterá de multiplicar un importe máximo de 45 euros polo número de días de parada.

Estas axudas outorgaranse en réxime de concorrencia competitiva. Mediante este real decreto establécense os criterios mínimos de avaliación, unicamente de aplicación aos buques pesqueiros, que se deberán incluír nas bases e convocatorias das ditas axudas. Os criterios fundaméntanse na actividade pesqueira do buque na pesqueira obxecto da axuda, na súa inclusión nun plan de acción relativo ao equilibrio da frota, así como na dependencia do buque da captura dunha especie biolóxica determinada, cando a parada

fose adoptada co obxectivo de regular o esforzo pesqueiro para unha especie concreta que se encontre en situación de sobreexplotación ou de risco.

Como condicións xerais para obter a axuda, durante o período de parada temporal todas as actividades de pesca realizadas polo buque ou polos pescadores afectados se deberán suspender de feito, e a duración máxima das axudas por esta materia establécese en seis meses durante todo o período de programación 2014-2020. Por outra parte, os buques obxecto da axuda deberán ter levado a cabo unha actividade pesqueira de, ao menos, 120 días no mar, durante os dous anos anteriores á data de solicitar a axuda e, igualmente, os pescadores deberán ter traballado no mar ao menos 120 días durante igual período de tempo a bordo do buque afectado pola paralización temporal.

Finalmente, establécese os requisitos exixibles aos solicitantes das axudas, tanto os que fan referencia ao buque como os específicos para os pescadores. Entre estes requisitos cabe facer mención expresa á exixencia de que o buque obxecto da axuda permaneza inactivo e en porto durante todo o período subvencionable da parada temporal, así como á obriga, por parte do armador do buque, de ter presentado ante as autoridades laborais a correspondente comunicación de inicio do procedemento de suspensión dos contratos.

Na elaboración deste real decreto consultáronse as comunidades autónomas e o sector pesqueiro.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de decembro de 2015,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Normas xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Mediante este real decreto establécese as normas básicas aplicables en materia de xestión das axudas á paralización definitiva e temporal da actividade pesqueira, conforme o establecido na Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, e no Regulamento (UE) n.º 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) e polo que se derrogan os regulamentos (CE) n.º 2328/2003, (CE) n.º 861/2006, (CE) n.º 1198/2006 e (CE) n.º 791/2007 do Consello, e o Regulamento (UE) n.º 1255/2011 do Parlamento Europeo e do Consello.

Artigo 2. *Causas de inadmisibilidade de solicitudes.*

1. Non poderán optar á axuda do FEMP por paralización definitiva ou temporal aqueles que se encontren nalgún dos supostos establecidos no artigo 10 do Regulamento (UE) n.º 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, e durante o período de tempo previsto na súa aplicación.

Neste sentido, non poderán obter axuda aqueles que fosen sancionados coa imposibilidade de obtención de préstamos, subvencións ou axudas públicas, de acordo co previsto no título V da Lei 3/2001, do 26 de marzo, e, se for o caso, na normativa das comunidades autónomas.

2. Igualmente, non poderán acceder a axudas aqueles que se encontren incurso nunha das prohibicións para ter a consideración de beneficiario previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 3. *Intensidade da axuda.*

A intensidade da axuda dirixida á paralización da actividade pesqueira axustarase ao disposto no artigo 95 do Regulamento (UE) n.º 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014. A contribución do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca é do 50% do importe total da axuda, calculado segundo se establece no presente real decreto, e o outro 50% corresponde á contribución nacional, de acordo co establecido no artigo 94.3 do citado regulamento.

CAPÍTULO II

Paralización definitiva da actividade pesqueira**Artigo 4. *Axuda á paralización definitiva da actividade pesqueira.***

Poderase outorgar axuda á paralización definitiva da actividade pesqueira cando a dita paralización estea prevista como un instrumento do plan de acción regulado no artigo 22.4 do Regulamento (UE) n.º 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, se indique que o segmento de frota non está equilibrado de maneira efectiva coas posibilidades de pesca dispoñibles para o dito segmento e cumpra coas previsións establecidas no Regulamento (UE) n.º 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, e, en especial, co regulado no seu artigo 34.

A axuda prevista no presente capítulo poderase conceder até o 31 de decembro de 2017.

Artigo 5. *Beneficiarios.*

Poderán ser beneficiarios de axuda á paralización definitiva da actividade pesqueira:

a) Os propietarios de buques pesqueiros de dez ou máis anos de idade que estean rexistrados como activos e que levasen a cabo unha actividade pesqueira de, ao menos, 90 días ao ano no mar, durante os dous anos anteriores á data de presentación da solicitude.

b) Os pescadores que traballasen no mar ao menos durante 90 días ao ano, durante os dous anos anteriores á data de presentación da solicitude de axuda, a bordo dun buque pesqueiro da Unión afectado pola paralización definitiva.

Artigo 6. *Condicións xerais.*

1. A paralización definitiva materializarase mediante o desmantelamento do buque.
2. Como excepción ao previsto no número anterior, poderanse conceder axudas á paralización definitiva sen que exista desmantelamento sempre que os buques sexan acondicionados para actividades distintas da pesca comercial. Ademais, e co fin de conservar o patrimonio marítimo, no caso de buques tradicionais de madeira poderanse conceder axudas sempre que os ditos buques se manteñan en terra como ben patrimonial.
3. Os 90 días ao ano no mar de actividade pesqueira exixidos no artigo anterior deberanse ter realizado na modalidade e caladoiro que se especifique en cada orde de convocatoria.
4. Os buques sinistrados non poderán ser obxecto de axuda á paralización definitiva, excepto naqueles casos en que o sinistro se producise con posterioridade á data de notificación da resolución de concesión da axuda por paralización definitiva mediante o desmantelamento.
5. Desde a data en que se notifique resolución definitiva favorable de concesión da axuda suspenderase totalmente a actividade pesqueira, o buque pasará a situación de baixa provisional e anularanse, nese momento, as licenzas e autorizacións ou permisos temporais (PTP) de pesca que teña vixentes. A suspensión da actividade pesqueira deberase acreditar a través da entrega do rol na capitanía marítima do porto ao chegar a el. A situación de baixa provisional pasará a definitiva no momento en que se materialice o

desmantelamento e se dese de baixa no Rexistro de Buques e Empresas Navieiras, de acordo co artigo 62.3 da Lei 3/2001, do 26 de marzo. No caso de buques que se acollan á paralización definitiva mediante o acondicionamento para actividades distintas da pesca comercial, a situación pasará a baixa definitiva no momento en que se produza o cambio de lista desde a terceira a calquera lista, diferente da cuarta, do Rexistro de Buques e Empresas Navieiras.

En calquera caso, a situación de baixa definitiva será previa ao pagamento da axuda.

6. Desde o momento da notificación da resolución definitiva de concesión da axuda, a Secretaría Xeral de Pesca do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, tal como se establece nos artigos 27 e 29 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, distribuirá a totalidade das posibilidades de pesca susceptibles de seren transferidas de forma definitiva, dos buques beneficiarios de axuda por paralización definitiva da súa actividade pesqueira.

Neste sentido, enténdese pola totalidade das posibilidades de pesca as que teña asignadas orixinalmente o buque. Esta reversión terá carácter definitivo cando a resolución de concesión da axuda sexa firme. En caso contrario, retornarán ao solicitante.

As posibilidades de pesca distribuiranse conforme se estableza nas normas que regulen as pesqueiras concernidas.

7. Os propietarios dos buques pesqueiros beneficiarios destas axudas terán prohibido rexistrar un buque pesqueiro no Rexistro de Buques e Empresas Navieiras ou en calquera outro rexistro de pavillón comunitario ou extracomunitario nos cinco anos seguintes á data de recepción da axuda.

No caso de que a titularidade da propiedade dos buques beneficiarios das axudas recaia en persoas físicas, esta restrición estenderase aos seus familiares até o segundo grao, así como á súa participación en persoas xurídicas que vaian rexistrar outros buques. No caso de que sexa nunha persoa xurídica, a restrición afectará os seus partícipes, que non poderán rexistrar un buque nin participar nunha sociedade que o vaia rexistrar.

Artigo 7. *Requisitos exixibles aos solicitantes das axudas.*

1. Para a obtención da axuda destinada aos propietarios, deberanse reunir os seguintes requisitos:

- a) Que o buque pertenza á terceira lista do Rexistro de Buques e Empresas Navieiras.
- b) Que o buque estea en situación de alta no Rexistro Xeral de Frota Pesqueira.
- c) Estar en posesión da licenza de pesca e das autorizacións para as modalidades e caladoiros sinalados en cada convocatoria.
- d) Estar ao día das súas obrigacións fiscais e coa Seguridade Social.

2. Para a obtención da axuda, os pescadores enrolados nun buque de pesca afectado pola paralización definitiva deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Figurar enrolados a bordo dalgún dos buques pesqueiros españois afectados pola paralización definitiva da actividade pesqueira.
- b) Acreditar un período de cotización no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar de, ao menos, un ano ao longo da súa vida laboral.
- c) Estar ao día no pagamento das súas obrigacións fiscais.

3. Os anteriores requisitos poderanse complementar con aqueles que especificamente se establezan nas correspondentes ordes de bases.

Artigo 8. *Importe das axudas por paralización definitiva destinadas aos propietarios dos buques pesqueiros.*

1. A axuda estará constituída polo importe resultante de aplicar o baremo máis, se for o caso, os gastos subvencionables.

2. Axudas materializadas mediante o desmantelamento do buque. Baremos e cálculo do importe das axudas.

a) Os baremos para as axudas obteranse do valor histórico do casco do buque para cada segmento de frota dunha modalidade de pesca, tal como se establece no anexo I do presente real decreto.

Para os efectos destas axudas, a modalidade censual do buque será a que figure no Rexistro Xeral da Frota Pesqueira na data de terminación do prazo de presentación das solicitudes de axudas, que deberá ser a mesma que a que figuraba no Rexistro Xeral da Frota Pesqueira no momento da entrada en vigor do presente real decreto.

b) A contía correspondente a cada buque pola aplicación do baremo calcularase multiplicando o baremo correspondente polo número de arqueo bruto (GT) do buque obxecto da paralización.

Para estes efectos, o número de arqueo bruto (GT) será o que figura na folia de asento do barco. Para o cálculo das axudas non se computarán os incrementos de arqueo bruto (GT) consecuencia das obras de modernización sobre cuberta realizadas segundo o establecido nos artigos 9 e 10 do Regulamento (CE) n.º 1013/2010 da Comisión, do 10 de novembro de 2010, polo que se establecen as normas de aplicación da política de frota pesqueira da Unión definida no capítulo III do Regulamento (CE) n.º 2371/2002 do Consello, nos cinco anos anteriores desde a data de terminación do prazo de presentación das solicitudes de axudas.

c) Para os buques menores de 18 metros de eslora, o baremo incrementarase sumando un coeficiente corrector obtido do valor medio dos ingresos percibidos por actividade pesqueira no período 2011-2013, tal como se establece no citado anexo I do presente real decreto. O dito coeficiente será o 50% dos ingresos medios para os buques de até 12 metros de eslora e do 20% para os maiores de 12 e de até 18 metros.

d) O custo do desmantelamento poderá ser considerado subvencionable na contía, porcentaxe e condicións que se establezan nas bases.

e) Os beneficiarios da axuda poderán dispor libremente dos equipamentos, artes e aparellos do barco.

f) Minorarase da axuda o importe obtido pola venda das pezas do casco do barco como chatarra, cando os beneficios desta venda recaian sobre o titular da propiedade do buque.

g) No caso establecido no artigo 6.4, descontarase do importe da axuda a cantidade percibida polo aseguramento do casco do buque, procedente de entidades aseguradoras en caso de sinistro de buques.

3. Axudas por paralización definitiva mediante o acondicionamento do buque para actividades distintas da pesca comercial. O baremo e o cálculo da axuda realizaranse tendo en conta o seguinte:

a) Os baremos para as axudas obteranse do valor histórico do buque para cada segmento de frota dunha modalidade de pesca, tal como se establece no anexo II do presente real decreto.

b) A contía correspondente a cada buque pola aplicación do baremo calcularase multiplicando o baremo correspondente polo número de arqueo bruto (GT) do buque obxecto da paralización.

4. Nos supostos establecidos nos números 2 e 3 descontarase do importe obtido aplicando o método establecido neles, segundo o criterio de *prorrata temporis*, o importe das axudas percibidas polo buque en concepto de paralización temporal, axuda aos pescadores mozos para a adquisición do seu primeiro barco de pesca conforme o establecido no artigo 31.2 do Regulamento (UE) n.º 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, e investimentos a bordo ou en equipamento do buque percibidos durante os cinco anos anteriores á solicitude da axuda por paralización definitiva.

Igualmente, descontaranse *pro rata temporis* as axudas percibidas por construción, proxecto piloto ou exportación, durante os doce anos anteriores á data de solicitude da axuda.

Artigo 9. *Importe das axudas por paralización definitiva destinadas a pescadores.*

1. Os pescadores afectados pola paralización definitiva paralizarán de feito todas as súas actividades de pesca e os beneficiarios deberán proporcionar a proba da paralización efectiva das actividades de pesca á autoridade competente.

2. A axuda consistirá nunha compensación para aqueles pescadores que traballasen a bordo dun buque afectado pola paralización definitiva, e a súa contía individual determinarase conforme o disposto en cada orde de bases sen que en ningún caso poida superar por beneficiario individual o dobre do salario mínimo interprofesional fixado en cada momento, en cómputo anual.

3. A compensación reembolsarase *pro rata temporis* cando un pescador beneficiario da axuda reinicie a súa actividade pesqueira dentro dun período inferior a dous anos a partir da data de presentación da solicitude de axuda.

Artigo 10. *Verificación e xustificación das condicións por parte dos beneficiarios.*

1. Os días de actividade no mar a que fai referencia o artigo 34.2 do Regulamento (UE) n.º 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, verificaranse de oficio mediante os dispositivos de localización de buques vía satélite (VMS). No caso dos buques que non teñan a obrigaçión de levar instalados a bordo os ditos dispositivos, verificaranse por diarios electrónicos de a bordo (DEA).

No caso de se tratar de buques que non teñan a obrigaçión de levar instalados a bordo os dispositivos anteriores, os días de actividade verificaranse polo diario de pesca.

Para o resto de buques que non teñan obrigaçión de levar instalados a bordo os citados dispositivos ou de cubrir os diarios de pesca, a actividade verificarase polas notas de venda, sempre e cando se poida garantir a concordancia entre día de nota de venda e día de desembarque ou captura, así como por calquera outro dispositivo, documento ou medio que permita verificar fidedignamente os días de actividade no mar.

2. Terán a consideración de buques activos aqueles que estean en situación de alta, provisional ou definitiva, no Rexistro Xeral da Frota Pesqueira e que exercen a actividade pesqueira durante o ano inmediatamente anterior ao da solicitude de axuda.

3. A propiedade do buque acreditarase mediante certificación actualizada do Rexistro Mercantil en que conste a propiedade do buque e a ausencia de cargas e gravames sobre este.

4. No caso de desmantelamento, os beneficiarios deberán probar ante a autoridade competente na xestión das axudas que se materializou o desmantelamento a través dos seguintes documentos:

a) Declaración do titular da propiedade do buque sobre o destino que se vai dar ás pezas desmanteladas do casco do buque.

b) Escritura pública do contrato de desmantelamento co estaleiro en que figure desagregado o custo real do desmantelamento. Así mesmo, incluírase, se for o caso, o importe pactado polo valor como chatarra do casco do barco, así como doutros materiais do buque (equipamentos, artes e aparellos) que vaian ser vendidos polo estaleiro. A non presentación do contrato suscrito co estaleiro dará lugar á perda do dereito ao cobramento da subvención.

c) Reportaxe gráfica en que consten o día e a hora, figuren todas as fases do desmantelamento e se identifique adecuadamente o buque. A non presentación destas probas dará lugar á perda do dereito ao cobramento da subvención.

d) No suposto de que o propietario venda as pezas desmanteladas como chatarra, facturas de venda e os correspondentes documentos de pagamento. No caso de que vaian ser retidas, poderase probar a través da factura de compra ou, na súa falta, mediante

a súa valoración pericial. Estes documentos deberanse presentar con carácter previo á solicitude de pagamento da axuda polo beneficiario.

e) No caso de que o barco obxecto da axuda fose declarado sinistrado entre a data de resolución da concesión da axuda e a data prevista de desmantelamento, o propietario deberá presentar, se for o caso, a documentación xustificativa da cantidade percibida polo aseguramento do casco do buque, que será minorada da axuda concedida.

5. No caso de acondicionamento para actividades distintas da pesca comercial, as persoas beneficiarias deberán probar ante a autoridade competente na xestión das axudas a paralización definitiva das actividades pesqueiras a través dos seguintes documentos:

a) Memoria descritiva da actividade á cal vai ser destinado o buque pesqueiro e, se for o caso, memoria técnica e proxecto de negocio.

b) Baixa da terceira lista do Rexistro de Buques e, se for o caso, alta nunha lista distinta da cuarta.

c) Documentos acreditativos das autorizacións, licenzas e permisos necesarios para exercer a nova actividade ou, en caso de non dispor deles, solicitudes das ditas autorizacións, licenzas e permisos que, en calquera caso, se deberán presentar unha vez obtidos.

d) Documentación gráfica das distintas fases de reforma do buque e do equipamento adquirido para exercer a nova actividade.

6. En todo caso, os documentos acreditativos da paralización definitiva descritos poderanse complementar con calquera outro que se considere conveniente e que se establecerá nas correspondentes ordes de bases.

Artigo 11. *Tramitación das axudas.*

1. As solicitudes de axuda dirixiranse á Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira da Secretaría Xeral de Pesca.

2. A Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira remitirá ás comunidades autónomas a relación coas solicitudes de axuda presentadas en cada convocatoria para que, no prazo de dez días, emitan informe sobre elas. En caso de non se recibir resposta en tal prazo, poderán proseguir as actuacións.

3. Non obstante, cando a paralización definitiva sexa da frota cuxa actividade exclusiva sexa o marisqueo desde embarcación e da que traballa exclusivamente en augas interiores das comunidades autónomas, así como a referida aos buques con porto base na Comunidade Autónoma do País Vasco, as axudas serán xestionadas polas comunidades autónomas respectivas.

4. En relación coa frota con porto base no País Vasco, esta comunidade autónoma remitirá á Secretaría Xeral de Pesca a relación de solicitudes de axuda de cada convocatoria, que serán examinadas e obxecto de informe en relación coa súa adecuación ao plan de acción. O dito informe terá carácter vinculante.

Non será necesaria a remisión á Secretaría Xeral de Pesca da relación de solicitudes para o seu exame e informe no caso da frota cuxa actividade exclusiva sexa o marisqueo desde embarcación e a que traballa exclusivamente en augas interiores da comunidade.

CAPÍTULO III

Paralización temporal da actividade pesqueira

Artigo 12. *Axuda á paralización temporal da actividade pesqueira.*

1. Poderase outorgar axuda á paralización temporal da actividade pesqueira no marco das previsións establecidas no Regulamento (UE) n.º 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, e, en especial, no regulado no seu artigo 33, e cando se inclúa nalgún dos seguintes supostos:

a) En aplicación das medidas da Comisión ou das medidas de emerxencia dos Estados membros a que se refiren os artigos 12 e 13, respectivamente, do Regulamento (UE) n.º 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, ou das medidas de conservación mencionadas no artigo 7 do dito regulamento, incluídos os períodos de descanso biolóxico.

b) No caso da non renovación de acordos de colaboración con terceiros países de pesca sustentable ou os seus protocolos.

c) Cando estea previsto nun plan de xestión adoptado conforme o Regulamento (CE) n.º 1967/2006, do Consello, relativo ás medidas de xestión para a explotación sustentable dos recursos pesqueiros no mar Mediterráneo, ou nun plan plurianual adoptado conforme os artigos 9 e 10 do Regulamento (UE) n.º 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, se, sobre a base de recomendacións científicas, se necesita unha redución do esforzo pesqueiro para conseguir os obxectivos a que se refire o artigo 2.2 e 5.a) do citado regulamento.

2. A axuda por paralización temporal poderase conceder por unha duración máxima de seis meses por buque e pescador, durante o marco de programación 2014-2020 do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca.

3. Todas as actividades de pesca realizadas polo buque pesqueiro ou os pescadores afectados se deberán suspender de feito.

Exclúense do anterior as interrupcións das paradas exixidas por motivos de seguridade.

A Administración pesqueira competente na xestión das axudas establecerá as medidas para garantir que o buque de pesca afectado cesase toda actividade durante o período a que se refire a paralización temporal con suxeición ás garantías mínimas que se recollen no artigo 14.

4. A axuda por paralización temporal será incompatible coa axuda por paralización definitiva. Para estes efectos, no momento de presentación da solicitude de axuda por paralización temporal, deberase comunicar, se for o caso, a solicitude de axuda por paralización definitiva.

A concesión de axuda por paralización temporal estará sometida á denegación da axuda por paralización definitiva.

Artigo 13. *Beneficiarios.*

Poderán ser beneficiarios de axuda á paralización temporal da actividade pesqueira:

1. Os armadores de buques pesqueiros que estean rexistrados como activos no Rexistro Xeral da Frota Pesqueira e levasen a cabo unha actividade pesqueira de, ao menos, 120 días no mar, durante os dous anos anteriores á data de presentación da solicitude de axuda.

2. Os pescadores que traballasen no mar ao menos 120 días, durante os dous anos anteriores á data de presentación da solicitude de axuda, a bordo dun buque pesqueiro afectado pola paralización temporal.

Artigo 14. *Condicións xerais.*

1. Os 120 días mínimos de actividade pesqueira exixidos no artigo anterior deberanse ter realizado na modalidade e caladoiro que se especifique en cada orde de convocatoria.

2. Durante o período de paralización, a inactividade pesqueira debe ser total e o buque debe permanecer en porto durante todo o período computable da parada, non poderá ser despachado para ningunha actividade e non será necesario que ese porto coincida co seu porto base. Esta circunstancia deberá quedar recollida no rol de despacho, no cal se indicará expresamente que o barco entra a porto para iniciar unha parada temporal da actividade pesqueira e, igualmente, o día de saída indicarse que o buque finaliza a parada temporal.

Poderanse exceptuar aqueles movementos do barco motivados por razóns de seguridade exixidas pola autoridade competente e que deberán ser acreditados e certificados pola dita autoridade.

3. Os días de actividade no mar a que fai referencia o artigo 33.3 do Regulamento (UE) n.º 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, verificaranse a través dos medios e instrumentos establecidos no artigo 10.1. Todos os buques que dispoñan de dispositivos de localización de buques vía satélite deberanos manter acendidos durante o período de duración da parada obxecto da axuda.

4. A suspensión da actividade pesqueira deberase acreditar a través da entrega do rol na capitanía marítima do porto no momento da súa chegada, sen prexuízo da súa verificación posterior a través dos dispositivos referidos no número anterior.

Artigo 15. *Requisitos exixibles aos solicitantes de axuda.*

1. Para a obtención da axuda destinada aos armadores, deberanse reunir os seguintes requisitos:

- a) Que o buque pertenza á terceira lista do Rexistro de Buques e Empresas Navieiras.
- b) Que o buque estea en situación de alta no Rexistro Xeral de Frota Pesqueira.
- c) Estar en posesión da licenza de pesca e das autorizacións para as modalidades e caladoiros sinalados en cada convocatoria.

Para os efectos destas axudas, a modalidade censual do buque será a que figure no Rexistro Xeral da Frota Pesqueira na data de solicitude da axuda, que deberá ser a mesma que a que figuraba no Rexistro Xeral da Frota Pesqueira no momento da entrada en vigor do presente real decreto.

- d) Estar ao día das súas obrigacións fiscais e coa Seguridade Social.
- e) Para efectos de que os pescadores do buque obxecto de paralización temporal se poidan acoller ás axudas correspondentes, xustificación de que o armador do buque presentou ante as autoridades laborais a correspondente comunicación de inicio do procedemento de suspensión dos contratos ou redución de xornada, regulados no artigo 47 do Estatuto dos traballadores, polo total dos tripulantes enrolados na embarcación, na data da última arribada a porto para comezar a parada, para os efectos de poder adoptar a decisión de suspender os contratos de traballo ou reducir a xornada.

2. Para solicitar a axuda, os pescadores enrolados nun buque de pesca afectado pola paralización temporal deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Figurar enrolados a bordo dalgún dos buques pesqueiros españois afectados pola paralización temporal da actividade pesqueira. Os buques afectados estarán incluídos na relación certificada para o efecto pola Secretaría Xeral de Pesca do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.
- b) Estar incluídos no procedemento de suspensión de contratos de traballo ou de redución de xornada.
- c) Encontrarse na situación de alta na Seguridade Social e manter ininterrompida a relación laboral coa empresa armadora da embarcación na cal se encontraban enrolados no momento de sobrevir a inmovilización da frota durante a parada.
- d) Acreditar un período de cotización no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar de, ao menos, doce meses ao longo da súa vida laboral.
- e) Estar ao día no pagamento das súas obrigacións fiscais e coa Seguridade Social, se for o caso.

3. Os anteriores requisitos poderanse complementar con aqueles que especificamente se establezan nas correspondentes ordes de bases.

Artigo 16. *Importe da axuda.*

1. O importe máximo da axuda concedida aos armadores dos buques obxecto de paralización temporal calcularase multiplicando o baremo aplicable, establecido no anexo III do presente real decreto, polo número de arqueo bruto (GT) do buque e polos días de parada.

Para estes efectos, o número de arqueo bruto (GT) será o que figura na folla de asento do barco.

O importe da axuda a pescadores calcularase multiplicando un máximo de 45 euros polos días de parada.

2. A duración do período computable para o cálculo das axudas á paralización temporal será igual para todos os buques afectados pola dita parada, independentemente do seu porto de base.

Artigo 17. *Criterios de avaliación.*

1. A axuda á paralización temporal da actividade pesqueira concederáse mediante o procedemento de concorrencia competitiva e estableceráse, con carácter mínimo, os seguintes criterios de avaliación:

a) Inclusión do buque cuxo armador solicita a axuda nun plan de acción regulado no artigo 22.4 do Regulamento (UE) n.º 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013.

b) Actividade pesqueira do buque na pesqueira obxecto da axuda. Estableceráse a dita actividade segundo o número de días que a exercece na dita pesqueira, durante os dous anos inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude.

c) Para aquelas paradas temporais dirixidas a unha especie concreta en situación de sobreexplotación ou en risco, dependencia do buque das capturas da dita especie. A dependencia estableceráse en función da porcentaxe das capturas en toneladas da especie concernida, do valor do total das capturas comercializadas, do valor relativo das especies concernidas sobre o valor total ou dunha combinación das anteriores, tomando como base os totais agregados nun período de tempo determinado.

2. Os criterios de avaliación establecidos no número anterior suporán, como mínimo, un 75% do número de puntos máximos que se establezan nas correspondentes ordes de bases para a valoración das solicitudes presentadas.

3. Estes criterios de avaliación serán de aplicación aos buques pesqueiros que opten ás axudas, excluindo da súa aplicación os pescadores, que terán dereito a optar á axuda por estaren incluídos no rol do buque afectado pola paralización temporal e cumpriren cos demais requisitos establecidos.

Artigo 18. *Xestión das axudas.*

1. A xestión das axudas destinadas á paralización temporal da actividade pesqueira no caso de frota afectada pola non renovación dun acordo de colaboración de pesca sustentable ou os seus protocolos, ou cando sexan adoptadas medidas de emerxencia pola Comisión ou de ámbito nacional, sempre que afecten máis dunha comunidade autónoma, corresponderá á Secretaría Xeral de Pesca do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

2. No resto dos supostos, serán xestionadas polas comunidades autónomas en cuxos portos radiquen os buques afectados pola paralización temporal.

3. Non obstante, a Secretaría Xeral de Pesca poderá xestionar aquelas axudas por paralización temporal que se acorden na correspondente Conferencia Sectorial de Pesca.

Artigo 19. *Financiamento das axudas.*

1. As paradas temporais susceptibles de recibir axuda serán acordadas pola Conferencia Sectorial de Pesca.

2. Os grupos de traballo, constituídos por representantes das comunidades autónomas e da Administración xeral do Estado, proporán, oído o sector pesqueiro afectado, as paradas temporais susceptibles de obter axuda, previstas no artigo 18.2 e 3, e priorizaranas.

Con este fin, deberán realizar as ditas propostas durante o segundo e terceiro trimestre do ano anterior a que materialicen as axudas.

Non obstante, no caso de sobrevenir unha circunstancia non prevista que obrigue ao peche dunha pesqueira, a Conferencia Sectorial poderá acordar a paralización temporal da actividade pesqueira no marco dos supostos previstos no artigo 12 sen necesidade de proposta previa.

3. As frotas cuxa actividade exclusiva sexa o marisqueo desde embarcación e as que traballan exclusivamente nas augas interiores das comunidades autónomas serán xestionadas e financiadas polas ditas administracións.

4. Igualmente, as axudas destinadas a buques con porto de base no territorio da Comunidade Autónoma do País Vasco serán xestionadas e financiadas pola dita comunidade.

5. O cofinanciamento nacional transferirase ás comunidades autónomas mediante acordo da Conferencia Sectorial con cargo aos orzamentos do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

Esta cofinanciamento nacional poderase incrementar adicionalmente, logo de acordo da Conferencia Sectorial, para o apoio á xestión da paralización temporal por parte das comunidades autónomas, nunha cantidade que non poderá superar o 10% do importe asignado a cada comunidade autónoma.

6. O plan financeiro da Administración xeral do Estado, logo de acordo da Conferencia Sectorial, reprogramarase, asignando os fondos europeos ás comunidades autónomas afectadas pola paralización temporal. Esta reprogramación poderase incrementar nun 10% adicional para atender as necesidades de xestión das paralizacións temporais.

Disposición adicional primeira. *Idade do buque.*

Para efectos das axudas, a idade do buque será o número enteiro definido como a diferenza entre o ano da data de resolución de concesión dunha subvención regulada no presente real decreto e o ano da súa entrada en servizo, que figura no Rexistro Xeral da Frota Pesqueira.

Disposición adicional segunda. *Réxime especial para paralizacións temporais por períodos dun día á semana.*

No suposto de que a paralización temporal da actividade pesqueira se leve a cabo mediante o cesamento da actividade durante períodos dun día á semana, adicional aos días de descanso obrigatorio, non será de aplicación o disposto no artigo 14.4.

En calquera caso, a autoridade competente da xestión das axudas deberá acreditar a inactividade do buque que estará programado con antelación mediante un plan de paralización temporal da actividade pesqueira para o porto ou frota que se acollan a esta modalidade de paralización temporal.

Disposición transitoria única. *Tramitación dos expedientes iniciados ao abeiro do Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, sobre ordenación do sector pesqueiro e adaptación ao Fondo Europeo da Pesca.*

Non obstante o establecido na disposición derogatoria, as axudas previstas no Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, sobre ordenación do sector pesqueiro e adaptación ao Fondo Europeo da Pesca, poderanse tramitar, tal como prevé o artigo 129.2 do Regulamento (UE) n.º 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, até o 31 de decembro de 2015.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogados os capítulos IV, V, VI, VII e VIII, así como as disposicións adicionais primeira e terceira, e a disposición transitoria primeira do Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, sobre ordenación do sector pesqueiro e adaptación ao Fondo Europeo da Pesca.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto constitúe lexislación básica de ordenación do sector pesqueiro, ditada ao abeiro do establecido no artigo 149.1.19.^a da Constitución. Exceptúanse do anterior o artigo 6.6, ditado en virtude da competencia exclusiva do Estado en materia de pesca marítima, e o artigo 17, que rexerá unicamente para as axudas xestionadas pola Administración xeral do Estado, todo isto de conformidade co disposto no artigo 149.1.19.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para modificar os anexos, así como para ditar as normas de desenvolvemento que resulten necesarias para a correcta aplicación das disposicións contidas no presente real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de decembro de 2015.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,
ISABEL GARCÍA TEJERINA

ANEXO I

Importe máximo da prima. Paralizacións definitivas

Categoría de buque por eslora ¹ (metros)	Arte de pesca	Importe máximo da prima en euros (valor histórico do casco*)
<12	Anzois	(7.560,96 + 5.416,03)xGT
	Arrastre de fondo	(4.603,09 + 5.416,03)xGT
	Artes fixas polivalentes	(6.777,17 + 5.416,03)xGT
	Cerqueiros	(3.360,84 + 5.416,03)xGT
	Nasas e artes de trampa	(4.461,38 + 5.416,03)xGT
	Rastreiros	(7.407,61 + 5.416,03)xGT
	Redes de enmalle	(5.545,75 + 5.416,03)xGT
≥12 <18	Anzois	(7.355,77 + 1.327,94)xGT
	Arrastre de fondo	(4.693,21 + 1.327,94)xGT
	Artes fixas polivalentes	(4.868,81 + 1.327,94)xGT
	Cerqueiros	(4.166,1 + 1.327,94)xGT
	Nasas e artes de trampa	(3.394,3 + 1.327,94)xGT
	Rastreiros	(6.956,39 + 1.327,94)xGT
	Redes de enmalle	(4.401,61 + 1.327,94)xGT
≥18 <24	Anzois	3.530,27xGT
	Arrastre de fondo	3.590,91xGT
	Cerqueiros	4.154,28xGT
	Redes de enmalle	2.381,34xGT
≥24 <40	Anzois	2.893,87xGT
	Arrastre de fondo	3.467,11xGT
	Cerqueiros	5.092,53xGT
	Redes de enmalle	2.188,64xGT
≥40	Anzois	2.351,71xGT
	Arrastre de fondo	1.985,66xGT
	Cerqueiros	2.712,12xGT

* Para os buques con menos de 18 metros de eslora engadiuse o factor corrector.

¹ Entenderase por eslora a eslora total que figura no Rexistro Xeral da Frota Pesqueira.

ANEXO II

Importe máximo da prima. Acondicionamento do buque para actividades distintas da pesca comercial

Categoría de buque por eslora ² (metros)	Arte de pesca	Importe máximo da prima en euros (valor histórico do buque)
<12	Anzois	15.113,26xGT
	Arrastre de fondo	9.651,54xGT
	Artes fixas polivalentes	14.121,02xGT
	Cerqueiros	6.856,17xGT
	Nasas e artes de trampa	9.011,48xGT
	Rastreiros	16.040,32xGT
	Redes de enmalle	11.258,2xGT

Categoría de buque por eslora ² (metros)	Arte de pesca	Importe máximo da prima en euros (valor histórico do buque)
≥12 <18	Anzois	14.531,63xGT
	Arrastre de fondo	9.363,34xGT
	Artes fixas polivalentes	10.011,6xGT
	Cerqueiros	8.591,88xGT
	Nasas e artes de trampa	6.799,57xGT
	Rastreiros	13.527,87xGT
	Redes de enmalle	8.952,54xGT
≥18 <24	Anzois	6.913,84xGT
	Arrastre de fondo	7.088,16xGT
	Cerqueiros	8.392,14xGT
	Redes de enmalle	4.670,72xGT
≥24 <40	Anzois	5.686,5xGT
	Arrastre de fondo	6.734,7xGT
	Cerqueiros	9.790,58xGT
	Redes de enmalle	4.590,78xGT
≥40	Anzois	4.645,79xGT
	Arrastre de fondo	4.158,34xGT
	Cerqueiros	5.610,56xGT

² Entenderase por eslora a eslora total que figura no Rexistro Xeral da Frota Pesqueira.

ANEXO III

Importe máximo da prima. Paralización temporal

Baremo para armadores

Contías máximas da indemnización

Categoría de buque por clase de tonelaxe (GT)	Importe máximo da prima por buque e día (en euros)
< 25	5,16xGT+36 ⁽¹⁾
> 25 e < 50	3,84xGT+66
> 50 e < 100	3,00xGT+108
> 100 e < 250	2,40xGT+168
> 250 e < 500	1,80xGT+318
> 500 e < 1.500	1,32xGT+558
> 1.500 e < 2.500	1,08xGT+918
> 2.500	0,80xGT+1.608

(1) Garántese un mínimo de 100 € diarios.